



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación bolsa emprego Servizo Municipal de Emerxencias

EXPEDIENTE: 2021/G003/000481

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 934/2020, de 16 de outubro de 2020, que aprobou a convocatoria e as bases para a constitución da bolsa de emprego temporal do persoal laboral do Servizo Municipal de Emerxencias, e as Resolucións da Alcaldía nº 1128/2020, de 10 de decembro e nº 1155/2020 de 16 de decembro de 2020, polas que se procedeu á corrección de erros.

Considerando que resulta de aplicación a seguinte lexislación:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril
- A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro
- O Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Teo

Visto o informe da técnica de Recursos Humanos de data 14 de maio de 2021.



En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a constitución da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Servizo Municipal de Emerxencias, coa seguinte relación de aspirantes, sendo que os chamamentos produciríanse atendendo á orde de prelación das persoas aspirantes e en función das necesidades existentes.

Nº ORDE	Identidade do Aspirante	DNI
1	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ LORENZO	***1792**
2	GARCÍA SANTOS DANIEL	***5546**
3	GONZÁLEZ NOYA CLODIO	***4676**
4	CANEDA PRIETO CARLOS	***8582**
5	SÁNCHEZ SÁNCHEZ ANXO	***0302**
6	ARIAS PENAS DANIEL	***7811**
7	CASTRO BARREIRO ADRIÁN	***4933**
8	CARBALLO CAMIÑO ALBERTO	***0496**
9	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ XANDRE	***7639**
10	BUENO GARCÍA DANIEL	***3774**
11	ALDREY BAO JULIO ALBERTO	***1991**
12	PÉREZ COTA DANIEL	***7570**



Segundo.- Publicar a relación de aspirantes incluídos na bolsa, que debe quedar permanentemente actualizada na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

O alcalde
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández